

MENOS BANDEIRAS AZUIS

A Bandeira Azul é unha distinción que outorga a Unión Europea para distinguir, cada ano, as praias que se consideran nun estado de excelencia, tanto desde o punto de vista da limpeza de area e auga coma no referente a servicios e accesos. O ano pasado, en Galicia había 63 praias con ese distintivo. Este ano, a cousa queda en 57.

Como o estado dos areais é variable, e coida-lo ámbito natural esixe un esforzo constante, cada tempo-rada hai cambios: algunha praia perde ou gaña a bandeira azul. Este ano, despois do desastre do *Prestige*, o feito de que “só” perdamos seis podería considerarse algo positivo. A partir do tratamento da información realizado, algún medio de comunicación parece incidir precisamente nese sentido. E ante tal “optimismo”, sería conveniente matizar un-has poucas cousas.

Primeiro, por razóns relacionadas directamente co chapapote (limpeza sen concluír ou chegada de ver-tido novo) perden a súa distinción seis praias. Dúas son nas Rías Baixas: Area da Cruz (en Ogrobe) e Rodas (nas Cíes). Catro entre A Coruña e Corme: Caión (A Laracha), Area Maior (Malpica), Barra-ñán (Arteixo) e Razo (Carballo). Razo tiña Bandeira Azul, ininterrompidamente, desde o 1989. Este ano, non haberá ningunha na Costa da Morte.

Segundo, en moitas outras, o distintivo é provisional. Nos concellos correspondentes deberán estar moi ó tanto da posible chegada de novo fuel. Nese caso, a bandeira correspondente terá que ser arriada.

Terceiro, dúas conclusións parecen claras: a recuperación do litoral está lonxe de ser satisfactoria; a situación real da costa non dá lugar ó acougo.

A BRUXELAS, O 14 DE XUÑO

Despois de manifestármonos na capital do país e mais na do Estado Español, *Nunca Más* entendeu que había que leva-la nosa reivindicación a sede comunitaria. Así, sábado 14 de xuño imos a Bruxelas.

Ante as dificultades, facilmente comprensibles, para organizar un desprazamento masivo desde Galicia a Bélxica, a convocatoria da plataforma será de alcance europeo: o movemento ambientalista e a emigración galega terán, nese sentido, papel importante. Despois do percurso da cidade en manifestación, a partir das 20:00 haberá un gran festival, coa participación de Amparanoia, As Garotas da Ribeira, Fermín Muguruza, Gharbanzo Neghro, Ialma, Manu Chao, Jeanne Toujours e Uxía Senlle. A entrada terá un prezo de 15 euros.

¿Queres ir? ¿Interésache reserva-la túa entrada para o concerto? ¿Ter información sobre posibilidades para durmir ou outras cousas?. Escribe a contacto@plataformanuncamais.org coa petición. Pódense reservar entradas ata venres.

O día 5 presentaranse estes actos por medio dunha Rolda de Prensa Expansiva internacional. Hai manifesto. En máis linguas ca nunca. Como mostra, o comezo do seu texto en latín:

Vocatus Gallaeorum ad
Europae populos: dignitatis
et diversitatis oceanum
Bruolisae faciamus.

